

Morreu Manuel María

REDACCIÓN SANTIAGO

Fixo da Literatura un proxecto de vida e coa Literatura reconstruíu unha nazón, Galiza, á lle entregou o seu universo chairego: os regatos —nomeadamente, o Cepelo—, as tribos rebeldes e os sonetos que de neno aprendeu a trabar na biblioteca do seu tío cura, unha estrofa —exacta, como a el lle gustaban— que cos anos converteu na trabe no seu degoiro poético. Onte, ese universo perdeu a estrela que o guiaba: morreu o poeta Manuel María.

Foi a últimas horas da tarde, nun hospital da Coruña, onde levaba varios días internado tras o agravamento da súa saúde. Hai anos xa o tocara un infarto cerebral e del logrou recuperarse. Sen embargo, a súa voz nunca volveu brillar coa mesma intensidade, capaz de conmover un auditorio sen forzala: el falaba e acontecía o milagro.

Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei, na Terra Cha, en outubro de 1929, como o Miño, un río que deu tanta auga Galicia como el lle regalou versos, de todo tipo: alegres, existenciais, sociais, de celebración, de compromiso, xeográficos e costumistas, populares e cultos, de metro curto ou ritmo solemne. El e a súa obra surcan a historia do país como unha augación que arrinca en 1950 e non se esgota ata onte mesmo, en calquera dos seus artigos para EL CORREO GALLEGO, unha colaboración que mantivo mesmo cando o xesto escribir lle resultaba dificultoso.

Muiñeiro de brétemas (1950) foi o seu primeiro poemario e, tal vez, o máis celebrado. Simbolicamente, o libro tiña ademais o valor de ser o primeiro en aparecer en galego tras a guerra civil. Publicouse na emblemática colección *Benito Soto* e nel asentaba o existencialismo que caracterizou a súa xeración, a de Cuña Novás e Novoneyra. Son os anos en que Manuel María fai o servizo militar en Compostela e descubre a Otero Pedrayo, García Sabell, Ramón Piñeiro ou o de Bouza-Brey, co que mantivo unha estreita amizade en épocas pouco propicias para estreitarse nun abrazo co autor de *Nao Senlleira*.

Deses anos data tamén a amizade con Novoneyra, parellos nos camiños lucenses da primeira xuventude —Pimentel e Iglesia Albariño eran os seus tertulianos— e nos vieiros xeracionais, que a morte de Manuel María pecha como último banzo entre o entusiasmo galeguista da República e a censura implacable do franquismo.

El non tardou en comprender o papel político que lle correspondería e ó longo dos cincuenta foise adentrando no activismo ata culminar, nos anos sesenta, coa súa entrada na Unión do Pobo Galego (UPG) ou a fundación da Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG). Polas listas do Bloque Nacional Popular Galego (BNPG) foi elixido concelleiro en Monforte, a cidade na que residiu desde 1958 (cando obtén o título de procurador) ata a súa xubilación.

Os seus últimos anos pasounos na Coruña coa súa esposa, Saleta Goy, a muller que o acompañou na traxectoria sentimental e no activismo pero, sobre todo, no día a día, fundidos ambos nunha das parellas máis singulares do mundo literario galego.

Premiado en innumerables concursos, autor dunha obra tan prolífica e versátil, escritor de todos os xéneros, Manuel María tamén foi editor da colección *Val do Lemos*, unha das esenciais dos últimos anos da dictadura. A súa *Obra Completa* —con títulos como *Morrendo a cada intre* (1952), *Terra Cha* (1954), *Proba documental* (1968), *Os sonhos na gaiola* (1968), *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* (1973), *Escolma de poetas de Outeiro de Rei* (1982) ou *A primavera de Venus* (1993), entre outros moitos— foi publicada por Espiral Maior no ano 2001.